



JOSÉ IGNACIO CARNERO

Xoves 27 de maio, 20:00 h
Fundación Luis Seoane

José Ignacio Carnero (Bilbao, 1986) é licenciado en Dereito Económico pola Universidade de Deusto e actualmente exerce como avogado en Barcelona. Tras a publicación dunha crónica de viaxes titulada **La luz de Lisboa** (Cuadernos Livingstone, 2016), en 2019 editase a súa primeira novela, **Ama** (Caballo de Troya, 2019), que será finalista do Premio Euskadi de Literatura en castelán no 2020. **Hombres que caminan solos** (Literatura Random House, 2021) é a súa obra máis recente.

HOMBRES QUE CAMINAN SOLOS (Literatura Random House, 2021)

Se é certo que as historias nos salvan, esta é a historia de alguén que se salvou contándoa. É o relato dunha depresión, dun baleiro repentino na vida dun home que baixo a mirada do autor se converte nun transfondo luminoso para falar do importante, de todo aquilo que se sente e non se di.

Esta viaxe ao fondo dunha enfermidade que aínda se nomea en voz baixa fálanos dun pai, dun fillo e todos os que os rodean. Fálanos dun namoramento trasatlántico, dunha misteriosa muller que cala a súa dor, de madrugadas en Bos Aires e días circulando polas estradas secundarias españolas, dun funeral desértico en Cádiz ou dun voo alucinógeno desde a selva amazónica ata os altos fornos de Biscaia. Fálanos da nai falecida que xamais se foi e do pai que sempre está aí, do fráxil da masculinidade, das súas trampas e as súas máscaras. Carnero constrúe un universo propio mesturando memoria e ficción, achegándonos a homes que están solos en hospitais e en velorios, en bares de estrada e en áticos de deseño; homes que queren pedir axuda pero non saben como.



Somos o que
LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015